

# A BOCA DO MONTE

CELIA DÍAZ NÚÑEZ

ADAPTACIÓN  
TEATRAL  
DALGÚNS  
CAPÍTULOS  
DA NOVELA



EDITORIAL GALAXIA

COSTA OESTE

## Personaxes

Cego de Vilanuíde

Catro mulleres castrexas: Arausa, Cinnia, Nabia e Alda.

Catro homes castrexos: Tureno, Carisio, Karo e Paulo

Dous soldados romanos: Lucio Reburro e Soldado 2

Enxeñeiro Caio

## Espazo

Unha praza ou outro lugar exterior onde se reúna xente para escoitar os romances dun cego.

Beira do río Sil.

Interior do túnel.

## Atrezzo

Catro bateas para buscar ouro (ou similar), cesto con pebidas de ouro, picos ou mazas, látegos...

## Música | Efectos musicais

Cantar de cego.

Son do río, marcha militar, xente picando no interior do túnel, látegos, derrubamento de rochas. Arquivos de música de acceso libre (<https://freesound.org>)



Escoitade, meus amigos,  
o que vos veño contar  
porque esta é unha historia  
que vos pode interesar.

En Montefurado agora  
un túnel romano hai,  
“Boca do monte” lle chaman  
os veciños do lugar.

Grande obra de enxeñería!,  
outra máis grande non hai  
nin en toda a nosa terra  
nin tampouco en Portugal.

Foi en tempos de Traxano,  
na época imperial,  
cando o túnel construíron  
na busca de mineral.

O río Sil arrastraba  
pebidas de ouro a mancheas  
que as aureanas extraían  
peneirando coas bateas.

E como en longos meandros  
bordeando as montañas vai  
os romanos acordaron  
o seu curso desviar.

Furando na dura rocha  
conseguiron perforar  
máis de cen metros de túnel.  
Que obra descomunal!

Deste modo desecando  
o camiño natural  
os romanos xa podían  
todo o ouro apañar.

Que sorte tivo Traxano  
tanta riqueza acadar  
para as súas campañas  
nas fronteiras sufragar.

## *Escena I*

*Praza dunha vila.  
Entra o cego de Vilanuíde  
coa súa zanfona e avanza  
ata a centro. Aclara a voz,  
inicia unha melodía e comeza  
a cantar o “Romance de  
Montefurado”.*



*O cego deixa de cantar e retírase a un lateral.*

## *Escena II*

*Son de auga que flúe<sup>1</sup>.*

*Un grupo de mulleres castrexas están agachadas na beira do río Sil. Visten túnicas e locen torques e brazaletes. Na man portan bateas coas que lavan as areas. Ao seu carón hai un cesto, onde gardan as pebidas que van atopando.*

ARAUSA: O ouro agóchase no leito das augas cristalinas.

CINNIA: Ocúltase entre o lodo e as areas que a corrente arrastra río abaixo.

NABIA: Recollamos o metal precioso para que os nosos ourives elaboren fermosos adobíos cos que engalarnos.

ARAUSA: Torques que brillen no pescozo dos guerreiros.

CINNIA: E brazaletes decorados con triángulos e espirais.

ALDA: Ou amuletos que nos protexan do mal de ollo.

NABIA: *(Pega un berro de ledicia e erguese amosando na man unha pebida de ouro.)* Mirade que pebida atopei!! Vede como brilla!

*As mulleres interrompen o traballo e achéganse a contemplar a pebida.*

ALDA: Que fermosa é, Navia! E que grande!!

NAVIA: Poderei facer unha bonita fibula para suxeitar a túnica.

ALDA: Ou arracadas para as orellas.

NAVIA: Pois veredes como a próxima pebida que atope ha de ser aínda máis grande.

ALDA: *(Rindo.)* Xa verás como eu tamén hei de ter sorte.

*Agáchanse e volven escarvar no lodo.*

1. Posibles arquivos de música de acceso libre  
(<https://freesound.org>) <https://freesound.org/people/mhtaylor67/sounds/236977/>  
ou <https://freesound.org/people/Chris%20W/sounds/394699/>

## *Escena III*

*Son dunha marcha militar<sup>1</sup>. Escóitase rumor de tropas que avanzan marcando o paso. As mulleres achéganse á beira do escenario, miran en todas direccións buscando a procedencia do son.*

CINNIA: (*Sinala ao lonxe.*) Mirade! Alí está! Miles de homes avanzan río abaixo.

ARAUSA: (*Con medo.*) Son lexionarios romanos.

ALDA: (*Achégase a Navia. As dúas rapazas abrázanse, temerosas.*) Soldados!

NAVIA: Mira, Alda, a aguia imperial exhíbese orgullosa no estandarte.

ALDA: E a luz do sol refulxe en cascos e coirazas.

ARAUSA: Achéganse orgullosos cos penachos de plumas ondeando ao vento.

ALDA: Instalarán un campamento nas nosas terras e pronto gobernarán as nosas vidas.

NAVIA: Tes razón. Farannos traballar para eles coma se fóssemos escravos.

ARAUSA: Seguramente andan á procura de novas minas.

CINNIA: A súa fame de ouro nunca se ve saciada.

*Aumenta o volume da marcha militar indicando a proximidade das tropas. As mulleres escapan, asustadas.*

1. <https://freesound.org/people/Andune/sounds/232585/> ou <https://freesound.org/people/klankbeeld/sounds/172369/>

## *Escena IV*

*Son musical: Picos<sup>1</sup>.*

*O fondo representa unha parede rochosa que se eleva verticalmente.*

*Un grupo de castrexos golpea con grandes mazas e picarañas a rocha no interior do túnel. Aos seus pés, unha morea de pedras xa arrancadas indicannos que o traballo de perforación da montaña xa deu inicio.*

*En primeiro plano, dous soldados, con látego e espada, camiñan de lado a lado, vixiando os traballos.*

*Diminúe o volume da música.*

1. <https://freesound.org/people/Taira%20Komori/sounds/213692/>

TURENO: Pica que pica, hora tras hora, loitando contra esta parede dura.

CARISIO: Vede en que nos convertemos. Non somos máis ca toupas furando nas entrañas da terra.

KARO: Tes razón, Carisio. Parecemos miñocas escavando escuras galerías.

TURENO: Así é. Estamos agochados en tobos coma os coellos.

PAULO: Obrigados a soportar o cheiro húmido e os vapores tóxicos das profundidades.

CARISIO: E perdemos a saúde co po irrespirable.

TURENO: E así un día, e outro, e o seguinte.

*Os centurións fan estralar os látegos<sup>2</sup>.*

LUCIO REBURRO: Deixade de falar e picade con brío!

SOLDADO 2: Non gañades o pan que comedes!

LUCIO REBURRO: Golpeade con xenio!

SOLDADO 2: Veña! Máis rápido!

TURENO: Obrígannos a furar este túnel para desviar o río e así eles poderán apañar o ouro que será enviado ao emperador de Roma.

CARISIO: Si. Para maior gloria de Traxano.

TURENO: Os minerais medran en abundancia nestes solos. Tesouros subterráneos que nos son arrebatados.

2. <https://freesound.org/people/G.Lamont/sounds/118068/>

CARISIO: Esa é a nosa desgraza, Tureno: coñecemos as nosas riquezas mentres as extraemos para outros.

PAULO: Somos escravos da cobiza de Roma!

KARO: O ouro! Sempre o ouro!

LUCIO REBURRO: Picade con forza! (*Con burla.*) Queredes furar a parede ou facerlle cóxegas?

SOLDADO 2: (*Rindo.*) Ráñanlle o lombo. Iso fan.

*Entra o enxeñeiro Caio e observa os traballos. Move a cabeza en sinal de desaprobación. Achégase aos soldados e incrépaos.*

CAIO: A este paso non imos rematar nunca este túnel. Levamos aquí moitos meses e non damos saído do paso. É culpa vosa. Sodes uns inútiles! Non podedes facer que sexan máis dilixentes? (*Retírase, enfadado.*)

*Os centurións golpean os castrexos cos látigos.*

LUCIO REBURRO: Veña! Picade!

SOLDADO 2: Máis forte!

*Unha rocha despréndese e cae a rolos<sup>3</sup>. Unha nube de po elévase e esténdese polo escenario, impedindo a visión. Óense os laios dos obreiros mesturados cos estalos dos látigos e os berros dos centurións.*

LUCIO REBURRO: Non foi nada. Parecedes de manteiga. A traballar, malditos!

*Volve soar con forza o son musical.*

3. [https://freesound.org/people/BW\\_Clowes/sounds/128126/](https://freesound.org/people/BW_Clowes/sounds/128126/)

## *Escena V*

---

*O cego de Vilanuíde  
reanuda o romance.*

Moitos centos de persoas  
todo o día a traballar  
Gotas de sangue e suor  
para o túnel escavar.

E no lugar de Sesmil  
unha lexión militar  
vixiaba os obreiros  
disposta a os castigar.

Cantas xentiñas morreron  
para o túnel perforar,  
enterradas no Ivedo  
moitas delas aínda están.

Que sorte tivo Traxano  
tanta riqueza acadar  
para as súas campañas  
nas fronteiras sufragar.

Todos aqueles que veñen  
este lugar visitar  
sen dúbida o consideran  
unha obra de titáns.

Túnel de Montefurado,  
canta grandeza en ti hai!  
Para as xeracións vindeiras  
témolo que preservar.

Esta historia verdadeira  
que hoxe aquí vin eu contar  
testemuño é dun pasado  
que nos convén recordar.

*O cego saúda e retírase despois de pasar a gorra entre os presentes.*

